

**CEIP PENÍNSULA DA PAZ**  
**MODIFICACIÓN**  
**PROGRAMACIÓN**  
**DIDÁCTICA 3ª AVALIACIÓN**  
**GRUPO 1º DE E.P.**

**TITOR: JULIÁN-JOSÉ**  
**AMARELO EIJO**

**1º EDUCACIÓN PRIMARIA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	-Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
-Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	-Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.
-Mostrar interese e gusto pola lectura.	-Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
-Amplialo vocabulario a partir das experiencias de aula.	-Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
-Relacionar códigos verbais e non verbais.	-Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.
-Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua.	-Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. -Recoñece o alfabeto e iniciase na orde alfabética.
-Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	-Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.

LINGUA GALEGA E LITERATURA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-Participar nas diversas situación de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. -Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
-Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	-Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
-Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	-Usa o punto nos seus escritos. -Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
-Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. -Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
-Recoñecer a relación entre son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	-Recoñece a relación entre son e grafía. -Separa as palabras que conforman un enunciado.

MATEMÁTICAS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	-Le, escribe e ordena números ata o 99. -Identifica o valor de posición das cifras en situación e contextos reais.
-Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situación da vida cotiá.	-Utiliza os números ordinais en contextos reais. -Ordena números enteiros e representaos na recta numérica.
-Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. -Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
-Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	-Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
-Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	-Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
-Iniciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relación, utilizandoas para resolver problemas da vida diaria.	-Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e a súa relación. Minuto, hora, día, semana e ano.
-Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante.detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.
-Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	-Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

CIENCIAS SOCIAIS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-Recoñecer as características básicas do aire e da auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	-Describe as características principais do aire e da auga.
-Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con maior frecuencia na súa contorna, identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	-Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
-Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	-Nomea os elementos que aparecen no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.
-Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima, poñendo exemplos.	-Diferencia entre os elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas na contorna próxima.
-Recoñecer a relación de parentesco familiar, valorando a pertenza a unha familia e contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas.	-Identifica a relación de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
-Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	-Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.
-Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila e aldea.	-Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
-Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	-Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, función e características.
-Ser consciente do paso do tempo, empregando como unidades de medida os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.	-Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.
-Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.	-Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan. -Observa, identifica e describe algún dos componentes das máquinas.

CIENCIAS DA NATUREZA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas, valorando a diversidade.	-Recoñece partes do propio corpo.
-Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado, sen excesos ou o descanso diario.	-Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. -Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
-Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	-Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. -Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
-Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	-Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.
-Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	-Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.
-Manexar obxectos e aparellos simples, domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	-Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. -Identifica e manexa algún aparellos e máquinas simples de uso cotián empregandoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.

VALORES SOCIALES Y CÍVICOS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-Crear unha imaxe positiva de si mesmo, valorando positivamente as súas características físicas e cualidades, expresándoo mediante a linguaxe oral e representacións.	-Expresa claramente a súa propia descrición. -Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características e cualidades persoais.
-Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	-Identifica e comunica emocións. -Describe claramente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións.
-Autorregular as condutas cotidianas e adquirir alguna estratexia de control dos impulsos.	-Emprega alguna estratexia que lle axuda a sentirse mellor.
-Desenrola actitudes para comportarse con motivación e responsabilidade.	-Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
-Participar en actividades grupais e de equipo tendo en conta as propias necesidades e mostrando unha boa disposición para axudar e pedir axuda.	-Pide axuda cando a precisa e presta axuda aos compañeiros/as. -Mantén boas relación con compañeiros e compañeiras.
-Valorar as normas de seguridade vial.	-Recoñece e interpreta o significado das sinais de tráfico de uso frecuente.

## **1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

-Para a avaliación final do alumnado procederase a ter en conta o acontecido ata o remate da 2ª avaliación, xa que o terceiro trimestre non é avaliabile.

-Os instrumentos de avaliación empregados foron a observación directa, o traballo individual, o traballo en grupo e probas orais e escritas.

-A cualificación final para as áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Valores Sociais e Cívicos será o resultado de sumar ás notas da 2ª avaliación 1 ou 2 puntos mais polo traballo realizado na casa ao longo do 3º trimestre.

## **1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.**

-As actividades para o 3º trimestre serán de repaso, reforzo e en menor medida de ampliación tal como se reseña a continuación.

-LINGUA GALEGA: repasar e rematar, si é o caso, dos cadernos de traballo da 1ª e 2ª avaliación e avance voluntario no da 3ª avaliación.

-LINGUA CASTELÁ: repasar e rematar, si é o caso, do caderno de traballo “Aprendo las letras” e avance voluntario no libro de fichas “Palabras para compartir” que traballa dun xeito global contidos de Lingua Castelá, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

-Repasar e rematar, si é o caso, das fichas de lectoescritura realizadas perante a 1ª e 2ª avaliacións.

-Novas fichas de lectoescritura.

-MATEMÁTICAS: repasar e rematar, si é o caso, dos cadernos de traballo correspondentes á 1ª e 2ª avaliacións e avance voluntario no correspondente á 3ª.

-Repasar e rematar, si é o caso, das fichas de cálculo (sumas con e sin levadas e restas sin levadas) correspondentes a 1ª e 2ª avaliacións.

-Novas fichas de cálculo.

-Problemas sinxelos de sumas e restas.

-CIENCIAS DA NATUREZA: repasar e rematar, se é o caso, as unidades 1-4 (vistas na 1ª e 2ª avaliacións) e avance voluntario nas 5 e 6.

-CIENCIAS SOCIAIS: repasar e rematar, si é o caso, as unidades 1-4 (vistas na 1ª e 2ª avaliacións) e avance voluntario nas 5-6.

-VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: repasar e rematar, si é o caso, as unidades 1-4 (vistas na 1ª e 2ª avaliacións) e avanzar voluntariamente nas 5-6.



-No que atinxe ao grupo 1º de Educación Primaria o método empregado para o suministro de material e contacto coas familias foi ata o momento e será no futuro o seguinte.

-O venres, día 13 de marzo, previo aviso ás familias acercáronse ao Colexio a recoller material de traballo e falar co titor.

-Días mais tarde persoal do Concello de Cervo (policía municipal) achegou aos domicilios un novo lote de material de traballo.

-Días despois levouse a cabo unha entrevista telefónica entre o titor e cada unha das familias para cambiar impresións acerca de todo o que está a acontecer e á marcha das tarefas na casa.

-O martes, día 5 de maio, publicamos na páxina webb do Colexio unha serie de actividades dentro dun proxecto a nivel de Centro nado a partir dunha proposta do Departamento de Orientación, adaptado a cada nivel e co fio condutor do traballo das emocións.

-No caso do grupo 1º de Educación Primaria a totalidade dos 18 alumnos/as están conectados pero 10 non posúen impresora, de xeito que o que se publique na webb e que sexa preciso imprimir xestinarémolleslo a través do Colexio para a impresión e reparto por medio de persoal do Concello de Cervo, como xa se fixo nesta ocasión.

-Para a achega do material que sexa preciso ata fin de curso procederase deste mesmo xeito.

-Os canles para a comunicación coas familias son Abalar, páxina webb do Colexio, email persoal do titor , teléfono persoal do titor (chamada, grupo de whatsapp e privado) e aplicación Webex.

-Dado o interese mostrado ao longo de todo o curso por parte das familias e tendo en conta a corta idade do alumnado, así como a carga de traballo adicional que lles supón estar cos seus fillos/ as para a realización das tarefas, xa que a esta idade é necesario guialos en todo momento, non considerarei prioritario que me envíen o traballo realizado salvo que alguén voluntariamente queira facelo.

-En canto a materiais e recursos, xunto ao tradicional como libros de texto, cadernos de traballo e fichas de lectoescritura e cálculo cabe salientar os medios electrónicos (móviles, e ordenadores) e como recursos humanos o persoal do Concello de Cervo e país, nais e familiares en xeral que a maiores de todas as súas responsabilidades tamén lles tocou asumilo papel de mestres/as.

-A información ao alumnado e ás familias levarase a cabo mediante Abalar e a páxina webb do Colexio.

O TITOR

Julián-José Amarelo Eijo